



Concello de Cervo

01 OUT. 2013

Registro de SAIDA

Nº 230/

LICENCIA 1ª OCUPACIÓN
B27296011 SAN CIBRAO

Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

NOTIFICACIÓN

En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde-Presidente, poño no seu coñecemento que pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar con data 27 de setembro de 2013, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

3.- LICENCIAS.

3.A. DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Solicitud presentada D. Juan Antonio Rodríguez Rodríguez, en representación da empresa CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, SL, en posesión do NIF B27296011, con enderezo en rúa Salvador Madariaga, 1 – Entrechán D - Foz, rexistrado de entrada có núm. 3641/13, na que solicita licenza de Primeira Ocupación para o edificio de vivendas construído na rúa do Torno, 5 San Cibrao - Cervo.

Consta no expediente, entre outros, Certificado Final de obra, de edificio de sótano, baixo e tres plantas altas e baixo cuberta para 18 vivendas, sito na rúa do Torno – San Cibrao - Cervo, expedido polo arquitecto técnico don José Fernández Eiroá de data 2 de agosto de 2013, no que certifica:

“Que la ejecución material de la obra reseñada ha sido realizada bajo mi inspección y control de acuerdo con el proyecto, la documentación técnica que las define y las normas de la buena construcción”.

Tamén consta asinado dito certificado final de obra, con a mesma data, polo arquitecto don Santiago Barge Ferreiros, que certifica:

“Que con fecha 02/08/2013, la edificación consignada ha sido terminada según el proyecto aprobado y la documentación técnica que lo desarrolla, por mi redactada, entregándose a la propiedad en correctas condiciones para dedicarse, debidamente conservada, al fin que se destina”. Visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data 27 de agosto de 2013.

Asemade, consta informe técnico do seguinte teor literal:

“INFORME

Asunto:

Solicitud con registro de entrada nº 3.641/2013, de licencia de Primera Ocupación, 18 viviendas, compuesto de plantas sótano, planta baja, tres plantas altas y bajo cubierta, sita en Rúa do Torno en San Cibrao, con licencia de obra con cedida en X. G. L. de 14/10/2005, modificación aprobada en X.G.L. de 8 de marzo de 2013 y 14 de septiembre de 2012.

Informe:

Que examinado el proyecto para el que se concedió licencia de obra y la documentación presentada (certificado final de obra, fotocopia de licencia, certificación catastral, informe de Begasa y después de realizar la visita de inspección de la citada obra, se ha podido comprobar que se adapta al proyecto.

Por lo que se propone la concesión de licencia de Primera Ocupación del edificio en su totalidad, cumpliendo en su totalidad con la normativa aplicable.

El presupuesto de ejecución material de la obra asciende a la cantidad de 712.543,06.- €

Cervo, a 12 de septiembre de 2013

El Técnico Municipal

Fdo.: Manuel Campos Ratueira”.

Visto o informe favorable do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDOU:

1º.-Conceder a licenza de Primeira Ocupación para o edificio composto de planta soto, planta baixa tres plantas altas e baixo cuberta, para un total de 18 vivendas, sito na rúa do Torno, 5 – San Cibrao – Cervo, para a que se lle concedera licenza de obra na Xunta de Goberno Local de 14 de outubro de 2005 e posteriores modificacións aprobadas nas Xuntas de Goberno Local do 14 de setembro de 2012 e 8 de marzo de 2013. por cumprir na súa totalidade coa normativa aplicable.

2º Aprobar a seguinte liquidación económica provisional de oficio: Ordenanza Fiscal nº 5 (1% do orzamento de execución 712.543,06 €): 7.125,43 €.

Durante o prazo de 10 días contados dende a recepción desta liquidación provisional de oficio terá o expediente á súa disposición para que poida efectuar alegacións ou presentar os documentos ou xustificantes que estime pertinentes. No caso de non efectuarse alegacións esta liquidación provisional entenderase automaticamente elevada a definitiva.

~~O alcalde,~~

~~Alfonso Villares Bermúdez.~~

~~Salvador do art. 206 do R.O.F. e R.X. das C.L.~~

~~Contra este acordo pode Vde. interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes desde que recibe a notificación, diante do mesmo órgano que o ditou. No caso de recorrer mediante este recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso Contencioso - Administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Poderá Vde. recorrer directamente á vía xurisdiccional contencioso - administrativa, durante o prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da data da notificación, advertíndolle que tamén poderá utilizar, pola súa conta, calquera outro recurso ou alegación que estime conveniente. Este recurso Contencioso - Administrativo pódese interpoñer diante do Xulgado do Contencioso Administrativo, con sede na capital da provincia, de acordo co art. 8.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa nos recursos que se deduzan fronte ós actos das entidades locais ou das entidades e corporacións dependentes ou vinculadas ás mesmas. excluídas as impugnacións de calquera clase de instrumento de planeamento urbanístico.~~

~~Todo isto sen prexuízo de que poida exercita-las accións que considere pertinentes na defensa dos seus dereitos.~~

~~Cervo, 30 de setembro de 2013.~~

~~A Secretaría xeral,~~

~~Mª Cristina Abades Martínez.~~

~~Cencello
de
Cervo~~

CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, SL,
Rúa Salvador Madariaga, 1 – Entrechán D - Foz